

Buenos Aires, 12 de Xaneiro de 1976.

Sr. D. Ricardo García Suarez

Vigo

Meu querido amigo:

Duas verbas pra che decir que estou moi agradecido polas tuas atencións. Pola espléndida monografía do libriño da Coruña e pola tua adicatoria do teu album, unha das obras mais singulares que se fixeron en Galicia, a que terá de se engadir ao meu regreso, os dibuxos espléndidos que me ^edixaches a noite do homenaxe a Del Riego e que foi lástima non tivesen sido incluídos no teu album. Non teño noticias de Isaac, ¿fixose a presentación dél?. Cecais o formato houbera podido ser un pouco mais maior. Nono sei. Supoño terás recibido o album meu publicado en Madrid, "Insectario". Deixeiille o encárrago, o mesmo que o envío de outros exemplares, a Inés Canosa que está a cárrago de "Sargadelos" de Madrid.

Eu repítoche o meu agradecimento. Unha aperta grande de Maruxa e miña pra tí, Mimi ~~e~~ os teus. Envaxámosvos o inverno de Galicia.

Buenos Aires, 12 de Xaneiro de 1976

Sr. D. Ricardo García Suarez

Vigo

Sr. D. Ricardo García Suarez

Buenos Aires, 12 de Xaneiro de 1976